

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012036	IES Gregorio Fernández	Sarria	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

A través desta materia debuxamos un percorrido ao longo da ESO (implementarase nos outros niveis) no que o alumnado se achega á disciplina xornalística (nomeadamente no eido escrito, aínda que tamén na súa vertente audiovisual). Buscamos un reforzo das súas capacidades de comprensión lectora e expresión escrita e oral. Alén disto, tamén perseguimos a imbricación do alumnado nas dinámicas do seu propio territorio, así como un primeiro achegamento á súa capacidade investigadora. É obxectivo da materia a loita contra a falta de criterio do alumno/a no acceso á información de calidade e a mellora da autonomía na realización de tarefas, o traballo colaborativo e a visión crítica fronte á súa realidade máis inmediata. Os seguintes contidos determinan o proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada curso nos que se vaia implementando a materia, a través de produtos finais que ditos procesos levan á realidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	1. Achegamento aos xéneros xornalísticos: noticia, reportaxe, crónica...	Realización de lecturas, análises e producións persoais relacionadas cos diferentes xéneros xornalísticos (empregando o formato papel e tamén dixital).	30	11	X		
2	2. A investigación xornalística	Deseño e implementación dun proceso de búsqueda de información á través de xornais físicos e dixitais, así coma realización de saídas de campo, entrevistas, fotografías... para documentar unha realidade próximas ao ámbito do alumnado.	30	11		X	
3	3. A produción xornalística	Realización dunha revista escolar na que se reflexen os diferentes procesos realizados na segunda unidade, vertebrando as diferentes seccións da revista escolar de xeito adecuado e facendo a presentación da mesma en varios espazos (tanto centro educativo como outros espazos próximos ao mesmo).	40	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	1. Achegamento aos xéneros xornalísticos: noticia, reportaxe, crónica...	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	50%	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	50%		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	50%		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	50%		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	2. A investigación xornalística	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	50%	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	50%		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	50%		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	50%		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	50%		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	50%		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	50%		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	50%		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	50%		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	3. A produción xornalística	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	50%	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	50%		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	50%		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	50%		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	50%		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	50%		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	50%		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	50%		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	50%		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	50%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Combinarase o traballo mediante a lectura de prensa en soporte físico e dixital, coas saídas de campo para realizar investigacións así coma entrevistas. Por outro lado, empregaranse aplicacións dixitais para a escrita e maquetación da revista escolar resultante. As sesións realizaranse na aula de informática así coma na biblioteca do centro (Biblioteca Fiz Vergara vilariño), podendo empregar tamén a aula de radio escolar (Radio Bolboreta).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Prensa escrita, aplicacións web, aula de radio, biblioteca do centro, prensa dixital, cámaras fotográficas e videográficas...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial a primeiros de curso para ver o nivel de comprensión lectora e expresión escrita do grupo. Realizarase a través de lectura de prensa e escrita dalgún produto xornalístico.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O 100% da nota corresponderase co traballo realizado na aula que se medirá a través da presentación do caderno de traballo diario do alumnado así coma dos produtos finais que vaia desenvolvendo regradamente.

Criterios de recuperación:

Se o alumando non alcanza o aprobado á fin do curso, realizará un traballo similar ao feito durante o mesmo pero de extensión menor, co apoio da profesora pero empregando tempo a maiores na súa casa.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado realizará un traballo similar ao feito durante o curso ordinario pero de extensión menor, co apoio da profesora pero empregando tempo a maiores na súa casa.

6. Medidas de atención á diversidade

Co gallo de atender do xeito máis óptimo á diversidade na aula, facilitarase o traballo colaborativo, o emprego de varios soportes de acceso á información e expresión de contidos, e adaptaranse os tempos de traballo así coma as pautas dos exercicios e tarefas o máximo posible a cada caso particular. No presente curso non atopamos atencións que afecten aos contidos curriculares, senón soamente adaptacións metodolóxicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Os xéneros xornalísticos (Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura)	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas de campo	Saídas a pé pola vila de Sarria para acadar información para os traballos xornalísticos do alumnado (fotografías, vídeos, entrevistas, consulta a arquivos...)			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Xestión do tempo
Calidade das explicacións
Calidade e adaptación dos materiais empregados
Grado de participación da aula-grupo

Descrición:

Estes catro parámetros serán o eixe vertebrador dos ítems que se recollerán nunha táboa de autoavaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación someterase a revisión cada trimestre, avaliando os ítems indicados anteriormente e planteando propostas de mellora a implementar nos seguintes trimestres así coma no curso vindeiro.

9. Outros apartados

1. Actividades extraescolares

Visita a un medio de comunicación en activo da nosa comunidade autónoma.